


REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 06/03/2020 14:31:12

SAIDA 3157/20



Reclamante: [REDACTED] en representación de [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 11/2020

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] mediante escrito do 14 de xaneiro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 3 de marzo de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 14 de xaneiro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia do 30 de decembro de 2019, pola que se denega a súa solicitude de acceso á información relativa a expedientes sancionadores en materia de verteduras incoados por Augas de Galicia nos últimos cinco anos e expedientes nos que se adoptou a medida provisional de precinto de instalacións de verquido (expediente DPPA 2026/2019).

O reclamante indicaba que con data 10 de xaneiro lle notifican resolución ditada polo Xerente de Augas de Galicia na que se lle denega a obtención da información con base no artigo 303 dá Lei de axuízamento criminal que establece que a formación do sumario, corresponde aos Xuíces de instrución e logo de terse presentada a querela, todas as partes quedan sometidas

ás dilixencias xudiciais que se realicen para a formación do sumario, sendo ou órgano xudicial ou único competente para a formación do sumario, e que de acordo co disposto no artigo 14.1.f) da Lei 19/2013, o acceso á información pode ser limitado cando acceder á información poida supoñer un prexuízo para a igualdade nos procesos xudiciais.

Considera que a razón dada por Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia para eludir a súa obrigaón, de ningún xeito atopa amparo na Lei de Transparencia. O feito de que exista un preito (de calquera índole), de ningún xeito veta ou pecha o dereito ao administrado a acceder á información pública da que dispoña a administración.

O escrito viña acompañado de copia das solicitudes presentadas e da resolución que se impugna.

Segundo. Con data do 20 de xaneiro de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 21 de xaneiro de 2020.

Terceiro. Con data do 10 de febreiro de 2020 A Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia contesta a petición remitindo informe, copia da solicitude e copia dunhas dilixencias previas do Xulgado de Instrución nº 2 de Santiago de Compostela.

Augas de Galicia informa que o reclamante solicitou con data do 17 de decembro de 2019, informe e copia de determinados expedientes sancionadores incoados por Augas de Galicia en materia de verteduras, aos efectos de los efectos de probar no correspondente procedemento xudicial a arbitrariedade do precinto executado na parcela 825 do polígono 514 do catastro de rústica de Teo.

A entidade reclamante interpuxo unha querela ante o Xulgado de Instrución N° 2 de Santiago de Compostela, que deu lugar ás Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 2026/2019, cuxo obxecto está directamente relacionado coa solicitude de información e documentación referida.

O xulgado solicitou con data do 20 de decembro de 2019, información sobre a actuación realizada o 28 de outubro de 2019 na explotación mineira propiedade de Toca Salgado SL na que se procedeu a precintar unhas instalacións.

A entidade Augas de Galicia considera que de acordo co disposto na disposición adicional primeira 1 da Lei 19/2013, unha vez iniciada a instrución dun procedemento xudicial penal, todas as dilixencias que a parte considere necesario realizar para o esclarecemento dos feitos,

así como a información ou documentación que queira facer valer como proba no procedemento xudicial, deberán solicitarse de acordo co establecido nas normas que regulan o procedemento xudicial e non a través do procedemento de acceso á información pública regulado na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e sen prexuízo do establecido no artigo 14.1.f) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, que dispón que o dereito de acceso á información pública poderá ser limitado cando acceder á información supoña un prexuízo para a igualdade das partes.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera

que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, ao interesado notificóuselle a resolución con data do 10 de xaneiro de 2020 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do

Pobo con data do 14 de xaneiro de 2020, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A empresa reclamante solicita da Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia documentación consistente no acceso á información relativa a expedientes sancionadores en materia de verteduras incoados por Augas de Galicia nos últimos cinco anos e expedientes nos que se adoptou a medida provisional de precinto de instalacións de verquido .

Augas de Galicia denegou o acceso á información solicitada en base a que o interesado motiva a súa solicitude na necesidade da documentación para facela valer nun procedemento penal, polo que considera que estando iniciado o dito procedemento, as partes quedan sometidas ás dilixencias xudiciais que se realicen para a formación do sumario, que corresponde ao xulgados de instrución, polo que, de acordo coa disposición adicional primeira 1 da Lei 19/2013, a información ou documentación que queira facer valer como proba no procedemento xudicial, deberán solicitarse de acordo co establecido nas normas que regulan o dito procedemento. O informe así mesmo, cita o límite ao acceso á información establecido no artigo 14.1.f) da Lei 19/2013, referido á igualdade das partes nos procesos xudiciais.

De acordo co anterior, analizaranse os motivos alegados por Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia para a denegación da información solicitada.

(1). Denegación da información por existir un procedemento penal

Debemos partir da base de que a regra xeral en relación co dereito de acceso é permitir o mesmo, mentres que a aplicación dos límites debe entenderse de forma restritiva e só na medida en que a concesión da información supoña un prexuízo claro, concreto e superior ao interese do seu acceso.

Tal e como xa afirmou a xurisprudencia, os límites ao acceso establecidos no artigo 14, como o que neste caso se alega, constitúen conceptos xurídicos indeterminados cuxa relevancia e transcendencia deben ser concretadas en cada caso, ponderando os intereses en conflito, como a norma indica. Por tanto para a aplicación deste límite, débese acreditar que o acceso á información solicitada pola empresa reclamante supón un prexuízo para a prevención, investigación e sanción dos ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios.

Tanto as normas xurídicas aplicables, como a xurisprudencia e a doutrina, consideran que non ofrecen dúbida de que á hora de limitar o dereito de acceso a información pública, o relevante é a xustificación que realiza a administración que, debe estar baseada nunha ponderación de intereses -o interese no acceso e o interese concreto que se protexe co límite- aplicada ao suposto concreto que se axuíza.

Augas de Galicia basea o seu informe na existencia dunha querela penal e iniciado o procedemento xudicial, as partes quedan sometidas ás dilixencias xudiciais que se diten para a formación do sumario. En ningún momento se acredita que a información solicitada, consistente en información relativa a expedientes sancionadores en materia de verteduras incoados por Augas de Galicia nos últimos cinco anos e expedientes nos que se adoptou a medida provisional de precinto de instalacións de verquido, formen parte do sumario xudicial, feito este que non se pode presumir, dado que a querela se dirixe contra a entrada sen autorización, dun empregado de Augas de Galicia nunha explotación e por manipular e precintar instalacións existentes. Non existe no expediente nin no informe, a mais mínima xustificación de como o acceso á información solicitada pode afectar á investigación xudicial ou á formación do sumario no proceso xudicial.

Neste sentido, afirma o Tribunal Supremo na súa Sentenza 1020/1995, do 19 de outubro, que debe entenderse por sumario, as actuacións encamiñadas a preparar o xuízo e practicadas para pescudar e facer constar a perpetración dos delitos, é dicir, todas aquelas nas que se recollen medios de investigación ou probas que constitúen a base necesaria para a apertura do xuízo oral. Formarán parte do mesmo o contido das declaracións dos imputados e testemuñas, ditames periciais e demais documentos que se poidan incorporar á causa.

A existencia dun procedemento penal por si mesmo, non pode significar que sexa excluído do dereito de acceso á información documentación referida a unha explotación mineira, que estea en poder de Augas de Galicia, co único argumento de que están en curso un determinado procedemento penal sobre a actuación dun empregado desa entidade.

En consecuencia, unha documentación elaborada antes e á marxe do sumario, non pode supoñer a limitación no seu acceso por si nun futuro chegase a formar parte do sumario xudicial, feito este que non consta nin se acredita, agás que se decretase o segredo sobre o mesmo, feito que tampouco consta nin se alega.

De acordo co anterior, tendo o contido dun sumario un alcance limitado, non pode estenderse a calquera documento que teña relación coa causa, salvo que expresamente o xuíz instructor o decretara así.

A información da que se denegou o acceso, trátase de información pública no senso establecido pola Lei 19/2013, en tanto que foi elaborada e adquirida por un suxeito incluído no ámbito de aplicación da mesma no exercicio das súas funcións. Así mesmo, estes documentos son previos á apertura do procedemento penal citado, polo que xa constituían información pública con anterioridade e, como tales, eran susceptibles de ser solicitados por calquera cidadán no exercicio do seu dereito de acceso á información. Non son por tanto documentos xudiciais, debido a que foron elaborados con independencia de todo proceso xudicial, senón que a súa natureza é administrativa.

A limitación de acceso á información do artigo 14.1.e) ten a finalidade de asegurar a prevención, investigación e persecución de actividades penais, e o límite poden invocarse cando se trate de evitar que o acceso á información poida ser prexudicial para as investigacións, conducir á destrución de probas ou a subtracción dos delinquentes da acción da xustiza. Este é, en definitiva, o ben xurídico protexido polo límite previsto no artigo 14.1.e) da Lei 19/2013, o de asegurar o bo fin de todos os actos de investigación que se poden chegar a realizar na fase de instrución dun procedemento penal, administrativo ou disciplinario.

Facer unha interpretación extensiva do límite do artigo 14.1.e) da Lei 19/2013, en tanto que se impediría acceder a todo documento administrativo relacionado cunha causa penal, non se axusta á filosofía da Lei de Transparencia, que prevé unha configuración ampla do dereito de acceso á información e restritiva dos límites, polo que non procede a denegación do acceso á información pola simple existencia dun procedemento penal en curso.

(2). Aplicación da disposición adicional primeira 1 da Lei 19/2013

Alega Augas de Galicia a aplicabilidade da Disposición Adicional Primeira parágrafo primeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, para denegar o acceso á información, por considerar que existe un procedemento en curso e o acceso á mesma debe rexerse pola normativa procesual. Esta disposición non ten como finalidade o establecemento dunha causa de denegación do acceso á información, senón que pretende coordinar o réxime xeral de acceso á información co tratamento específico do acceso por parte dos interesados ao expediente, que é propio do procedemento do que se trate.

A este respecto debe indicarse que no presente caso, non existe un procedemento *administrativo* en curso, senón un expediente *xudicial*, e a información solicitada (actas, autorizacións...) son documentos administrativos en poder de Augas de Galicia, preexistentes ao inicio do procedemento xudicial e dos que non consta que formen parte do procedemento xudicial. De acordo con anterior, non se cumpren os requisitos para que a solicitude de acceso lle sexa de aplicación unha normativa distinta da normativa en materia de Transparencia e por tanto non é de aplicación a referida disposición adicional.

(3). Aplicabilidade do límite ao acceso á información establecido no artigo 14.1.f), referido á igualdade das partes nos procesos xudiciais.

Por último a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, no seu informe cita a posible aplicabilidade do límite 4.1.f), referido á igualdade das partes nos procesos xudiciais, sen xustificar de ningún xeito, como a información solicitada pode estar afectada por este límite e sen que o mesmo fose esgrimido na resolución recorrida, como motivo para denegar a información solicitada.

A finalidade deste límite, é a de evitar interferencias nun proceso aberto para que cada unha das partes coñeza os argumentos da outra no momento procedimental oportuno dotándolles de igualdade nese marco xurídico.

É xeneralizada a interpretación restritiva do límite alegado, restrinxíndoo a información que pode prexudicar de forma constatable a igualdade das partes nun procedemento xudicial e mesmo chegando a consideralo de aplicación só a documentos elaborados expresamente con ocasión dun procedemento. No presente caso, dado que como xa se dixo a documentación solicitada é documentación preexistente ao inicio do procedemento xudicial e non se acredita o prexuízo que o acceso á mesma pode supoñer para a igualdade das partes non cabe apreciar a existencia deste límite para denegar o solicitado.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] con data do 14 de xaneiro de 2020, contra a Resolución da Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia do 30 de decembro de 2019, contra a desestimación da súa solicitude de acceso á información ante a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, relativa a expedientes sancionadores en materia de verteduras incoados por Augas de Galicia nos últimos cinco anos (expediente DPPA 2026/2019).

Segundo: Instar a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no



artigo 11.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

76706870F Firmado digitalmente
por 76706870F MARIA
MARIA DOLORES DOLORES FERNANDEZ
FERNANDEZ (R: S6500009C)
S6500009C) (R: S6500009C)
Fecha: 2020.03.06
09:35:36 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.